



## APADRIÑAMENTO LECTOR

### 1. QUE É?

É un proxecto de animación á lectura que consiste en que alumnos/as de cursos superiores se converten en padriños/madriñas de cursos inferiores para lerlles contos e animalos no proceso lector.

### 2. OBXECTIVOS

- Mellorar a motivación pola lectura.
- Vocalización, entoación, inflexións da voz, etc.
- Fomentar as relacións interpersoais e o achegamento entre alumnado de idades diferentes.
- Desenvolver a capacidade de escoita activa.
- Mellorar a atención e a comprensión de textos orais.

### 3. ESPAZOS

A primeira sesión, na que se coñece o alumnado e se emparella será na aula dos afillados/as para que se sintan máis seguros no seu ambiente e se facilite a interacción. As sucesivas sesións poderán realizarse na aula dos maiores, na biblioteca, no patio... Sempre baixo a supervisión do profesorado que nesa sesión estea a cargo do alumnado.

### 4.- TEMPORALIZACIÓN

Os encontros terán unha periodicidade trimestral e a duración das sesións será de 20 minutos aproximadamente. A primeira sesión celebrarase o venres día 25 de outubro de 13:10 a 13:55.

### 5.- ACTIVIDADES

*Primeira sesión:*

Cubrirán conxuntamente o carné que os identifica como padriños/madriñas e afillados/as.

*Sesións sucesivas:*

Os padriños poden traer da casa para compartir co afillado/a un conto que lles guste ou lles gustara na infancia, ou poden coller un exemplar da biblioteca adecuado á idade do afillado/a.

As/os afilladas/afillados poderán realizar debuxos ou manualidades sobre os contos para agasallar aos padriños/madriñas.

## 6.-EMPARELLAMENTOS

<b>PADRIÑO-MADRIÑA</b>	<b>AFILLADAS/AFILLADOS</b>
<b>4º ESO<sup>1</sup></b>	<b>4º EP</b>
<b>3º ESO<sup>2</sup></b>	<b>3º EP</b>
<b>2º ESO<sup>3</sup></b>	<b>2º EP</b>
<b>1º ESO<sup>4</sup></b>	<b>1º EP</b>
<b>6º EP<sup>5</sup></b>	<b>6ºEI</b>
<b>5º EP</b>	<b>5ºEI</b>
<b>TODOS OS CURSOS DE ESO (ver notas ao pé)</b>	<b>4ºEI</b>

- Emparellaranse seguindo a orde de lista.
- Nas titorías desta semana explicaranse ao alumnado o desenvolvemento desta actividade.
- Os profesores dos cursos inferiores dan a benvida na aula aos padriños/madriñas.
- O profesorado correspondente dos cursos superiores acompaña aos padriños/madriñas ata a aula onde se produce o encontro e permanecen alí.
- Os padriños/madriñas preséntanse, explican aos afillados/as en que consiste esta actividade e conxuntamente proceden a cubrir o carné lector.

1 Os números 26-29 da lista van a 4º EI e cada un apadriña a dous alumnos/as.

2 Os números 26-28 da lista van a 4º EI e cada un apadriña a dous alumnos/as.

3 Os números 22-29 da lista van a 4º EI.

4 Os números 28-29 da lista van a 4º EI.

5 O número 25 da lista vai a 5º EI.